

Bases do concurso de deseño de camisetas

Concurso de deseño de camisetas Sons de Breogán

1 Introducción

Sons de Breogán é un proxecto cultural feito realidade a través dunha plataforma web. Sempre respectando e apoiando nosos valores, baseados non feminismo, internacionalismo, loita LGTBIQ+, e antifascismo.

Unha das nosas principais vías de financiamento é a venda de merchandising e queremos dar a oportunidade aos nosos seguidores de participar nun deseño para Sons de Breogán

2. Obxecto

2.1. Deseño dunha obra gráfica que poida ser utilizada no noso merchandising (camisetas, mochilas, tote bag, gorras, etc.)

2.2. O estilo do deseño é libre, e a temática tamén, pero dalgunha maneira debe conectar co Universo Sons de Breogán de xeito que propoñemos as seguintes temáticas: Música, feminismo, loita LGTBIQ+, antifascismo, cultura galega, internacionalismo.

2.3 Admítense deseños de calquera tipo de cores (4 cores máximo).

3. Participantes

3.1. Poderán participar todas as persoas interesadas sen límite de idade ou nacionalidade. En caso de resultar premiado algún menor de idade pedirase autorización dos seus pais ou titores.

3.2. Cada participante pode enviar ata un máximo de tres deseños.

4. Condicións técnicas

4.1. Os deseños deberán ser orixinais e inéditos, sendo responsable o autor de que así sexa. Os participantes certifican que o deseño é froito da súa creatividade persoal, que é o seu propio traballo e que non se infrinxiron os dereitos de autor doutras persoas. Deberán certificar que non utilizaron o traballo de ningunha terceira persoa, por exemplo, fotos ou elementos de deseño que non fosen feitos polo propio participante.

4.2. Enviarase en soporte dixital, a través do correo electrónico contacto@sonsdebreogan.gal. Para o proceso de selección pídesse enviar os deseños en formato .png ou .jpg cunha resolución mínima de 200dpi.

4.3 Para os deseños premiados solicitaranse os arquivos orixinais nos que se creou o deseño (psd, ai etc.)/ etc.) a alta resolución.

4.4. Excluíranse todos aqueles logotipos que teñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas, homófobas ou ofensivas contra persoas ou institucións.

4.5. Os participantes deberán gardar copias do material enviado, xa que estes non se devolverán.

4.6. Unha vez enviada a proposta de deseño, esta non poderá ser retirada.

4.7 Recoméndase enviar nun mesmo arquivo o deseño solto, e unha simulación do deseño sobre unha camiseta. aproveitando o persoal que se pode descargar na páxina web.

5. Propiedade Intelectual e Dereitos de reprodución

5.1. A propiedade dos deseños premiados cederase a Sons de Breogán, que se reserva todos os dereitos de propiedade e uso das propostas premiadas.

5.2. A organización resérvase o dereito de reprodución mediante os formatos e a través dos medios que considere oportunos, o dereito de modificar os deseños a fin de optimizalos para a súa posterior impresión, de adaptar os deseños cando así o consideren, ou tamén o de facer uso por separado dos elementos do deseño.

6. Presentación de traballos

6.1. Prazo de presentación: O prazo para presentar as propostas finaliza ás 23:59 do día 26 de abril.

6.2. As propostas enviaranse a través do correo electrónico contacto@sonsdebreogan.gal co asunto: concurso deseño Sons de Breogán.

7. Votación e selección das propostas.

7.2. O xurado estará formado por votación popular (seguidores de Sons de Breogán). Para axudar á decisión final, a organización publicará en redes sociais os deseños recibidos, permitindo a opinión dos seus seguidores e téndoa en conta.

7.3. A selección fareise en base á estética, á mensaxe que os deseños transmitan, e á adecuación ao espírito da marca.

8. Premio

8.1. Primeiro premio: 100 euros en metálico.